

# FLORITA.

## Revista para nenas.

Marisé Pérez Caramés  
Pepe Álvarez Castro.

Situémonos alá polos anos cincuenta; son tempos de dificultades e estreiteces, non fai unha ducia de anos do remate da guerra e a fame segue presente en moitos fogares. As cartillas de racionamento durarán algún tempo...

O novo réxime aproveita tódolos medios para impoñer a súa concepción da sociedade; aínda non existe esa poderosa ferramenta de manipulación que sería a televisión e utilizábanse a prensa, radio, revistas, libros de texto...

Os tebeos, que era como se chamaban as publicacións que hoxe reciben o nome máis fino de cómics, tamén son utilizados como armas propagandísticas que preparaban as mentes infantís de cara ao papel que a sociedade lles reservaba.

En maio de 1949, edicións Cliper edita, como parte do famoso El Coyote, unha serie que, dado o éxito obtido, pronto se faría revista independente e que se titulaba FLORITA. Revista para niñas.

Reparen vostedes en que, ao igual que na escola, os nenos e nenas tamén estaban separados polos tebeos. Os nenos aprendían a ser "metade monxes, metade soldados" a través de tebeos de aventuras e guerreiros invencibles e as rapazas formábanse para ser amas de casa con FLORITAS e publicacións semellantes.

O autor de FLORITA era Vicente Roso, outros autores tamén participaban con distintas personaxes e empezan a publicar as súas tiras, mulleres como Rosa Galcerán que crea a personaxe de LALITA.

Neste artigo, a través dalgunhas historietas e seccións de FLORITA, faremos unha primeira aproximación sobre a concepción da muller que se inculcaba á nosa xuventude; utilizaremos como apoio citas textuais que pensadores, pedagogos e publicacións da época, acaidas ás ilustracións.



Lonxe do avance que supuxo para a situación da muller a época republicana, os anos 40 e 50, máis que unha paréntese, son unha volta atrás a concepcións da época dos Reis Católicos: xa se cantaba nunha canción do Frente de Juventudes "De Isabel y Fernando el espíritu impera..."

A doutrina oficial de cara á muller non evolucionara moito do que dona Pilar Primo de Rivera, xefa nacional da Sección Femenina, expresara ao consello nacional do Servicio Español del Magisterio (SEM) en 1943: *Las mujeres nunca descubren nada: les falta, desde luego, el talento creador reservado por Dios para inteligencias varoniles; nosotras no podemos hacer nada más que interpretar mejor o peor lo que los hombres han hecho.* Dez anos despois, o padre Remigio Vilariño seguía vendendo de xeito parecido: *Yo no creo que tengan las niñas ni necesidad ni tiempo para aprender tantas cosas como se les enseñan o quieren enseñar. Inglés, francés, física, química, astronomía, historia sagrada, historia universal, historia de España, historia natural... son demasiadas historias para lo que tiene que aprender una mujer porque, conclúe o inefable Vilariño.: La mujer apenas vale para más que para mujer de su casa.*

Sirva o anterior para confirmarnos que o papel que se esperaba da muller era o da subordinación, sen capacidade intelectual para outra cousa que non fose arranxar a casa, coidar os fillos e ser o "descanso do guerreiro" cando este volveuse ao fogar despois do traballo ou vaian vostedes a saber de onde; como ben se dicía no libro de texto "Economía doméstica para bachillerato y magisterio" da nunca bastante gabada Sección Femenina: *Escúchale, déjale hablar primero; recuerda que sus temas de conversación son más importantes que los tuyos. Nunca te quejes si llega tarde, o si sale a cenar o a otros lugares de diversión [...] Recuerda que es el amo de la casa. Porque un home é un home e xa se sabe... En cambio a muller debe estar atenta aos perigos que xorden nalgunhas ocasións, por exemplo nas aparentemente inocentes excursións. No nº 219 de FLORITA xa o advirten.*



As excursións poden dar lugar a situacións perigosas para a moral. A familiaridade cos compañeiros debe ser *más aparente que real* pois algúns sempre poden tentar aproveitarse e nunca debemos illarnos do grupo principal nin intimar con ninguén á lixeira. Nestas ocasións ponse a proba o bo sentido dunha rapaza e hai que ter ollo con esa *excesiva confianza*.

E, en caso de dúbidas sobre a actitude a tomar, sempre queda a opción de escribir á sección FLORITA CONTESTA, pero, iso si, a ver o que preguntamos e non vaia ser que a resposta sexa coma esta: *Eres demasiado joven para tomar parte en esa clase de asuntos. Abstente por el momento, dentro de unos años será diferente.*



Sigamos o consello de FLORITA, guíémonos polos consellos de mamá e non fagamos como Rosario Vargas, a quen lle resposta: *Me parece muy bien que sea tu mamá la que escoja tus vestidos. Piensa que a ella no le gustará que vayas hecha un esperpento. No sigas discutiendo por eso pues no tienes razón. Además ten presente que ella es la que paga.*

Así se fai, Florita, levantando a autoestima de Rosario. A nai sempre ten razón ¿a quen se lle ocorre ter gustos propios no vestir?. E rematando cunha razón de peso: quen paga manda.




Claro que para educar ás nenas na recta interpretación de condutas, a revista tamén conta cunha sección de adiviñas do xeito de "Como se portó Luisito: ¿Bien o mal?".



As nosas nenas lectoras de FLORITA deben aprender que coas nais non se xoga, senón vexan a historieta titulada "Aceite de ricino" (o título evocaba humillacións ben tristes contra mulleres represaliadas). Xa o ven, a grandes males, grandes remedios. ¿Que mellor castigo para unha nena que se pasa comendo doces ou chocolate, que darlle a beber aceite de ricino? Aprecien as dotes pedagóxicas da nai, fiel seguidora do lema "a letra con sangue entra".

A formación dunha nena non podía esquecerse das tarefas de costura e bordado; na sección de "Labores" podemos atopar exemplos para confeccionar uns vistosos panos de man para señoritas.



FLORITA xa o ten dito : Zurcidos ¿Que eso de hacer un pequeno remiendo, zurcir un calcetín, una media o remendar un imprevisto "siete" es cosa antigua y propia de ancianas?. ¡No, no y no! También es propio de ti y debes poseer esa buena cualidad y demostrar que manejas la aguja con soltura y habilidad

As "mariquitas" coas que as nenas aprendían a recortar e ensaiaban a combinar os vestidos da súa boneca, estaban presentes en moitos números de FLORITA,



Pero cos vestidos debe imperar sempre o recato. Na sección "Modas" teñen unha boa mostra de modelos, todos como Deus manda: pouco escote, brazos tapados, saias longas... , de seguro que non hai perigo de que as lectoras de FLORITA enfermen debido ao que M. Mazzel afirmaba no seu libro "Pureza y Alegría", xa a principios dos anos sesenta: Médicos afamados certifican que los vestidos demasiado cortos, las medias transparentes, los escotes excesivos y los brazos desnudos, acarrear graves daños a las mujeres, pues provocan dolencias por el frío y la humedad.



Tamén a utilización polas mulleres de maquillaxe e pinturas non adoita ter un bo final, préstase a que se fagan chistes a conta dunha ou a cousas moito peores. Leamos o que escribe o xa citado Massimiliano Mazzel: *Ni tan siquiera saben que sea ni de donde procede el rojo con el que tiñen los labios. El cinabrio es un monosulfuro de mercurio venenoso, y el carmín se disuelve con amoníaco, que es tóxico. Ambos son ácidos que se endulzan con maleza raspada en las colmenas o en cualquiera otra cosa que no me atrevo a decir por respeto a mis lectoras* O parágrafo anterior, tan documentado e cunha axeitada linguaxe científica, podía suscitar contradicións a unha nena que tamén fose lectora do xa citado "Economía doméstica..." pois nel podemos ler: *Prepárate: retoca tu maquillaje. Coloca una cinta en tu cabello. Hazte un poco más interesante para él. Su duro día de trabajo quizá necesite de un poco de ánimo y uno de tus deberes es proporcionárselo.*

A ver rapaza, non teñas dúbidas e lembra aquilo de que "o fin xustifica os medios" e , tratándose de compracer ao teu home (perdón, ao teu amo) ¿que importan a toxicidade dos cosméticos?.






Na revista FLORITA hai historias que chegan ao máis fondo do corazón como a de "La alegre maestra" que, moi resumida, é a seguinte: a señorita Esperanza, mestra viúva, ve como se lle morre o único fillo que tiña á idade de tres anos; a partires dese momento deixa de ser unha alegre mestra. Rosario, unha das súas alumnas, de 7 anos, orfa de nai, ofrécelle o seu irmán de tres anos como a *vd le hace llorar la falta de un niño, se lo dejo. Yo me consolaré de no tenerlo sabiendo que la hace feliz a usted* A mestra non llo acepta pero promete ir velo a miúdo á casa de Rosario e fala co pai da nena para que lle dea permiso. O final desta triste historia remata felizmente porque *al ver lo felices que se sentían Rosario y Esperanza, el buen padre decidió casarse con la profesora, de manera que esta se encontró con dos nuevos hijos. Y volvió a ser la alegre maestra de antes...* Reparen amigos e amigas lectores deste artigo en quen tomou a decisión de casarse, a muller non conta pero é feliz.



Lembremos o que dicía o pedagogo Adolfo Maílló: *Cada cosa en su sitio. Y el de la mujer no es el foro, ni la clínica, ni el laboratorio, ni el taller o la fábrica, sino el hogar, cuidando de la casa y de los hijos, formando los hábitos primeros y fundamentales de la vida volitiva y poniendo en los ocios del marido una suave lumbre de espiritualidad y amor.* Sabias palabras para a nosa lectora de FLORITA que nestes momentos estaba levando a cabo outra tarefa para decorar o fogar. ¿Quen

dixo iso de "que inventen eles"? Antes de que existisen Brico King ou os pontevedreses viaxasen intrepidamente cara á república de Ikea, o xenio español xa se adiantara a estas iniciativas como podemos comprobar neste documentadísimo manual, que permite montar un precioso conxunto de recibidor, con rinconeira e taburete.



Porque FLO-RITA tamén se pre-ocupa polo estado físico da muller ofrecéndolle oportunidades para exercitarse sen saír do fogar. ¿Necesita a muller practicarr deporte ou ir ao pavillón a facer ximnasia? Para nada, a revista da tantas veces citada Sección Femenina (1961) serve para orientarnos: *Una mujer que tenga que atender a las faenas domésticas con toda regularidad, tiene ocasión de hacer tanta gimnasia como no lo hará nunca, verdaderamente, si trabajase fuera de casa. Solamente la limpieza y abrillan-tado de los pavimentos constituye un ejemplo eficazísimo.*

Serva o arti-go como agarimo a Mercedes Vázquez e compañeiras, na seguridade de que non esquecemos a data da Marcha Mundial das Mulleres...